

COMPARECENCIA CONCELEIRO DE CULTURA, TURISMO E PATRIMONIO A SOLICITUDE DE AER

PLENO 4 OUTUBRO 2012. ACTA 16/2012

Por parte do Grupo Municipal de A.E.R. Solicítase a comparecencia da concelleira de servizos sociais, ensino e muller, nos seguintes términos:

“Para que nos informe sobre o grado de execución dos orzamentos do seu departamento”.

O concelleiro Pazos Couñago di que o orzamento é unha previsión e hai que responder a moitas incidencias ao longo do ano. Está nun grao de execución do 90%.

O concelleiro Varela Couñago di que lles gustaría saber gastos de publicidade, reparto subvencións, aluguer de maquinaria, tema conservatorio, criterios. Pregunta onde está o Plan de Cultura e quéixase de que o Entroido de Verán convertírase en Carnaval de Verano.

O concelleiro Pazos Couñago di que non pode dar unha conferencia sobre contabilidade e que moitas das respostas as tiñan que ter da súa mán. Tamén dí que ao longo do ano se están a pagar facturas que se corresponden a eventos ou actividades que se fixeron en anos anteriores e unha delas é a dos convenios interparroquiais. Dí que teñen compromisos electorais e que se lles informou de moito e de moitas dificultades que coñecen. Dí que transparencia é dar a coñecer a información pero non necesariamente con carácter previo e se teñen dúbidas sobre unha factura non teñen máis que preguntar, cousa que antes non pasaba. Sinala que a oposición ten que facer o seu traballo xa que non é cousa do goberno recopilar a información e que todas as contratacións se fan legalmente. Considera que ás veces hai que ter criterios de prudencia que non significan falta de transparencia. Coñece a normativa sobre o galego pero por precipitación no se sacou a información do Entroido en galego como debía ser, aínda que non se suspendeu xa que non daba tempo a rectificalo e viñeron máis de 20.000 persoas. Refírese tamén ás visitas á Illa de San Simón cunha previsión de 1.000 persoas e se acadaron 5.500. Tamén sacaron adiante proxectos que estaban aquí de hai anos.-